

**PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE OFICIAL SEPULTUREIRA/O DERIVADA DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2020-2021-2022 (2ª FASE), POLA QUENDA LIBRE****ANUNCIO: ACORDO SOBRE RECLAMACIÓN S AO 1º EXERCICIO E CONVOCATORIA DO 2º EXERCICIO DE CARÁCTER PRÁCTICO, OBLIGATORIO E ELIMINATORIO****DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN S:**

Examinada a reclamación presentada ao 1º exercicio, en sesión que tivo lugar o día 20.02.2026, o órgano de selección acordou a súa desestimación . Únese a este anuncio o acordo adoptado.

Contra o referido acordo á persoa reclamante poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do seguinte da súa publicación, ante a Xunta de Goberno Local.

CONVOCATORIA 2º EXERCICIO PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

Convócase ás persoas aspirantes que superaron o 1º exercicio, á realización do 2º exercicio de carácter práctico, obrigatorio e eliminatorio, que terá lugar o **11 de marzo, ás 09.00 horas nas instalacións do cemiterio de Pereiró, en Vigo.**

O chamamento único terá lugar no día e hora sinalado na **porta principal do cemiterio de Pereiró..** Todas as persoas convocadas deberán estar presentes á hora sinalada (09.00 horas). A inasistencia suporá a exclusión do proceso selectivo.

O exercicio realizarase en quendas individuais e, polo tanto, de forma sucesiva. De acordo co resultado do sorteo realizado o día 06.02.2026, a orde de intervención das persoas aspirantes será a seguinte:

APELIDOS, NOME

IGLESIAS PEIXOTO, J.M.
MONTERO GONZÁLEZ, L.
AGULLA GONZÁLEZ, G
CARRERA FERREIRA, J.A.
CONDE SALGADO, M.A.
DASILVA RIVAS, M.



As persoas aspirantes deberán vir provistas de DNI ou documento identificativo fehaciente.

CONTIDO DO ACORDO DE DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA AO 1º EXERCICIO:

En sesión de data 20.02.2026, o órgano de selección acodou o seguinte:

RECLAMACIÓN: W14308885-1421.

MOTIVO DA RECLAMACIÓN: a persoa aspirante afirma que a pregunta 20 ten o seu fundamento na Guía de Consenso de Sanidade Mortuoria e que, ao seu xuízo, este documento non impón criterios técnicos de obrigado cumprimento ao carecer de carácter vinculante. Expón que, por aplicación da disposición transitoria quinta do Decreto 129/2023, do 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia, procede remitirse ao artigo 27.2 do Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, que esixe meramente unha drenaxe adecuada sen determinar unha porcentaxe e solicita a anulación da pregunta.

A respecto da pregunta 29, a persoa aspirante manifesta que está fora do temario pois considera que a pregunta está referida ao artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres e que este artigo non tería encaixe en ningún dos Títulos da dita Lei orgánica vinculados, segundo afirma, ao tema 4 da parte xeral. Solicita a anulación da pregunta.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

De acordo coas Bases específicas que rexen o presente proceso selectivo, o primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases (...).





Doutro lado, as Bases xerais preceptúan que para a elaboración dos exames tipo test, o Tribunal tomará como referencia manuais especializados e/ou textos normativos (indicando editorial, autor e ISBN, e/ou no seu caso Diario Oficial de publicación).

Considerando estas premisas, con respecto á pregunta 20 cómpre sinalar que o tema 4 da parte específica titúlase: “Sepulturas: concepto e usos”.

A pregunta sobre a que versa a reclamación ten o seguinte tenor:

“Los nichos deberán estar diseñados en su montaje con una inclinación mínima hacia la cámara de lixiviados para facilitar la evacuación de los líquidos:

- a) Del 2%.
- b) Del 5%.
- c) Del 7%.
- d) Del 10%.”

A resposta considerada como correcta correspóndese coa opción a) “Do 2%”.

Examinados os termos da reclamación formulada, cómpre aclarar que a Guía de Consenso referida polo aspirante é un documento técnico de referencia, de carácter especializado, aprobado no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, cuxo obxectivo é homoxeneizar criterios sanitarios básicos.

En consecuencia, a Guía proporciona uns criterios comúns, boas prácticas e recomendacións para mellorar a organización e pretación dos servizos mortuorios dende unha perspectiva de saúde pública.

O enunciado da pregunta non esixe identificar unha norma con rango regulamentario, senón aplicar un criterio técnico-sanitario válido. Neste senso, a dita Guía expresa un criterio técnico-sanitario consolidado asumido polas autoridades sanitarias e como tal é un parámetro de corrección válido da actuación administrativa, e elo con independencia de que outras Comunidades Autónomas asumisen específicos parámetros no uso da súa autonomía, non sendo tal o caso da Comunidade Autónoma de Galicia.

Xa que logo, a pregunta formulada non introduce unha esixencia allea nin contraditoria coa normativa autonómica senón a selección dunha resposta que traslade a expresión “drenaxe adecuada” a un criterio técnico e obxectivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/02/2026 08:48	Páxina 3 de 6
46519-220	CSV: ACB7A2-2D5638-BF82D9-NAW9Z4-U8YNES-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A porcentaxe do 2%, correspondente á resposta que o órgano de selección considera correcta, adécúase ao parámetro buscado e así se recolle na dita Guía de consenso, sendo este un documento especializado e válido de cara á consideración dun parámetro de adecuación obxectivo.

Sen prexuízo do anterior, cómpre apuntar, que a formulación da dita pregunta contense en manuais especializados para a preparación deste tipo de procesos selectivos no ámbito da Administración local. Concretamente, pode localizarse no manual titulado "Oficial de Cementerio. Enterrador/a. Test del temario". MAD edición 2024 ISBN: 978-84-142-8150-5".

Dado que o número de manuais especializados para a preparación de probas de acceso a este tipo de plazas é limitado e comunmente empregado polas persoas aspirantes, e, sen prexuízo do xa exposto, non estamos ante unha pregunta allea aos coñecementos que razoablemente cabe presumir ás persoas candidatas, aceptándose este tipo de manuais como referencias válidas para a formulación de preguntas tipo test en procesos selectivos.

Polo demais, tanto a Guía de Consenso como o manual referido figuran na acta levantada o día da confección da 1ª proba, tal como esixen as Bases xerais que rexen o presente proceso selectivo.

Tocante á pregunta 29, cómpre precisar que o tema 4 da parte xeral, titúlase: "A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade".

Pola súa banda, a pregunta 29 ten o seguinte tenor:

"De acuerdo con la Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres, ¿qué empresas están obligadas a negociar un Plan de Igualdad?

- a) Todas las empresas.
- b) Sólo las obligadas por el convenio colectivo sectorial.
- c) Las que tengan 50 o más personas trabajadoras en su plantilla.
- d) Ninguna de las respuestas anteriores es correcta."

Como pode comprobarse claramente nos diferentes epígrafes que compoñen as diferentes partes do tema, en ningún caso se cita unha concreta norma nin título nin capítulo dentro dela, a diferenza do que sucede con outros temas do temario xeral (o





tema 3 concreta determinadas materias dentro do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público) e do específico (temas 15 e 16). Polo tanto, cando o temario pretende limitar ou concretar o seu alcance a uns concretos títulos ou materias dentro dunha concreta norma, así o reflicte de forma expresa. Esta expresa identificación non ten lugar no caso do tema 4.

É por elo, que de entre o conxunto da normativa vixente en materia de igualdade (normativa de ámbito non só estatal senón tamén autonómico), o órgano de selección confecciona unha pregunta relacionada coas políticas públicas de igualdade que atopa a súa resposta nunha lei básica de carácter orgánico e cuxo coñecemento se considera procedente pola súa relación coa materia.

Sentado o anterior, no suposto que nos ocupa, é a persoa aspirante a que vincula o tema 4 da parte xeral do temario con concretos Títulos ou artigos dunha concreta norma (neste caso, da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes). Sen embargo, esta directa relación, de carácter excluínte segundo afirma a persoa aspirante, non figura contemplada no temario.

Os plans de igualdade constitúen un dos instrumentos centrais de intervención pública para garantir a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Para levar a cabo os principios enunciados na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o seu artigo 45 asume a importancia dos Plans de Igualdade, tendo o Concello de Vigo, Administración convocante do presente proceso selectivo, a obriga de contar con este relevante instrumento de cara ao impulso e fomento das medidas necesarias para conseguir a igualdade real no seo da súa organización.

A ubicación sistemática da regulación destes Plans, dentro dun concreto Título e dentro dunha concreta Lei, non delimita nin restrinxe a súa relación directa co temario posto que o determinante para considerar unha materia incluída ou excluída del, é o contido substantivo da cuestión tratada e non o seu encadre formal dentro dun concreto artigo, sección, capítulo ou título.

Por todo o anterior, acórdase desestimar a reclamación presentada.

Contra este acordo a persoa reclamante poderá presentar recurso de alzada, no prazo dun mes contado a partir do seguinte a súa notificación ou publicación, ante a Xunta de Goberno Local.



**CONCELLO
DE VIGO**



O que se publica para xeral coñecemento

En Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria do órgano de selección
Lorena López Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/02/2026 08:48	Páxina 6 de 6
46519-220	CSV: ACB7A2-2D5638-BF82D9-NAW9Z4-U8YNES-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		